

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, III: Francés-Español				
Materia	Tradución idioma 2, III: Francés-Español			
Código	V01G230V01612			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Cruces Colado, María Susana			
Profesorado	Cruces Colado, María Susana Marta Rodríguez, Valentina			
Correo-e	scruces@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia afonda no traballo de tradución de textos do francés ao español. Trabállase nela con textos con certo grao de complexidade tanto desde o punto de vista lingüístico como dos contidos. Esta materia serve de iniciación á tradución de textos especializados, que se abordan nas materias de tradución especializada do grao (4º curso). A materia será impartida sucesivamente polas dúas profesoras.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
C13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
C14	Dominio de ferramentas informáticas
C17	Capacidade de tomar decisións
C28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
D1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
D2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
D5	Coñecementos de informática aplicada
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Toma de decisións
D8	Compromiso ético e deontolóxico
D15	Aprendizaxe autónoma

D16	Adaptación a novas situacións
D17	Comprensión doutras culturas e costumes

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Ser capaz de elaborar unha tradución que careza de interferencias léxicas e morfosintácticas estilisticamente axustada ás convencións da lingua/cultura de chegada.	A1 A2 A3 A4	C4 C5 C8 C13 C14 C17 C28	D1 D2 D5 D6 D7 D8 D16 D17
Desenvolver a capacidade de traducir textos de rango textual e temática diferentes.	A1 A2 A3 A4	C2 C3 C4 C8 C9 C14 C17 C28	D5 D6 D7 D8 D15 D16 D17

Contidos

Tema	
1. Introdución. Nocións básicas	1.1 Aspectos contrastivos da trad. fr-esp 1.2 Fontes de documentación 1.3 Traballo teminolóxico puntual 1.4. Introdución aos xéneros documentais 1.5. Proceso de tradución
2. A tradución de textos semiespecializados e de divulgación	2.2 Textos científicos 2.3 Textos técnicos
3. Introdución á tradución de textos especializados	3.1 Textos xurídicos e administrativos 3.2 Textos económicos
4. A tradución de textos marcados culturalmente	4.1 Textos sobre gastronomía e/ou xornalísticos 4.2 Literatura

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	12	24	36
Estudo de casos	8	0	8
Traballo tutelado	30	30	60
Resolución de problemas de forma autónoma	2	40	42
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	2	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto co alumnado, así como a presentar a materia no referido aos seus obxectivos, contidos, actividades que levarán a cabo e avaliación.
Lección maxistral	Exporanse determinados temas relacionados cos xéneros textuais habituais dos distintos campos de especialidade
Estudo de casos	Estes consistirán na comparación e comentario dunha tradución e o TO publicado, ou na comparación de traducións.
Traballo tutelado	O alumnado elabora traducións na aula baixo as directrices e supervisión docente. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento coas actividades autónomas discentes.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado realizará individualmente encargos de tradución que reproducen situacións reais da actividade profesional. Para iso aplicarán os coñecementos e destrezas adquiridos durante os traballos de aula.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición

Traballo tutelado	As diferentes actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou nas titorías. Para facilitar o seguimento do curso, utilizarase a plataforma TEMA: http://faitic.uvigo.es
Resolución de problemas de forma autónoma	As diferentes actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou nas titorías. Para facilitar o seguimento do curso, utilizarase a plataforma TEMA: http://faitic.uvigo.es

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballo tutelado	Estes traballos consistirán en traducións realizadas na aula, corrección en aula de traducións previamente preparadas, revisión de traducións publicadas e/ou algúns exercicios relacionados coas sesións maxistrais. A efectos de avaliación terase en conta a participación activa.	10	A1 A2 A3 A4	C3 C8 C14 C17	D1 D2 D5 D6 D7 D8 D15 D16
Resolución de problemas de forma autónoma	Realizarase 1 encargo de tradución, que constará da traducción dun texto en francés ao castelán precedida dunha análise inicial, e no que se incluirá un comentario razoado das decisións de tradución xunto coa relación ordenada alfabeticamente das fontes documentais consultadas. A data do encargo será acordada entre las docentes e o alumnado. En todo caso será na segunda metade do cuadrimestre.	40	A1 A2 A3 A4	C3 C8 C14 C17	D1 D2 D5 D6 D7 D8 D15 D16
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realizaranse 2 exames que consistirán na tradución razoada dun texto do francés ao español. Terán lugar na metade do curso o primeiro (20%) e o segundo (30%) na data fixada polo decanato para a convocatoria de maio. Durante a realización das probas pódese consultar documentación en papel e telemática.	50	A1 A2 A3 A4	C2 C3 C4 C5 C8 C9 C13 C14 C17 C28	D1 D2 D5 D6 D7 D8 D15 D16 D17

Outros comentarios sobre a Avaliación

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e estar ao tanto das datas de entrega de traballos, probas etc.

O plaxio ou copia parcial ou total dun encargo ou proba suporá a perda do dereito a avaliación continua. Considérase plaxio o uso de programas de tradución automática mesmo cando o texto resultante presente algunhas correccións. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade.
AVALIACIÓN CONTINUA 1- O alumnado deberá informar ao profesorado nas dúas primeiras semanas de clase da súa decisión de acollerse á avaliación continua ou non. Para seguir esta modalidade recoméndase a asistencia continuada a clase e será obrigatoria a entrega de todos os traballos e tarefas.
2- Aquelas persoas que por motivos de traballo ou familiares non poidan asistir ás clases deben comunicárllelo persoalmente ás docentes para que tomen as medidas compensatorias que faciliten a conciliación laboral e familiar.
3- Non realizar algunha das dúas probas ou a encomenda implicará a perda do dereito á avaliación continua e a anulación de todas as cualificacións obtidas anteriormente. Será entón necesario presentarse á convocatoria de avaliación única.
4- É necesario obter a cualificación de 5/10 en cada apartado (traballo de aula, exames e encomenda) para superar a materia.

AVALIACIÓN DE XULLO
O alumnado que se acolla á avaliación continua e obteña unha cualificación de suspenso deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de xullo na data de exame oficial publicada polo decanato coas seguintes condicións:
1_ Terá que recuperar a parte que teña pendente (exame_50% ou encomenda_40%)
2_ ou , en caso de que teña ambas, realizará todas as probas de avaliación única e avaliarase segundo ese sistema
Poderanse usar dicionarios e fontes de documentación telemáticas en todas as probas.

AVALIACIÓN ÚNICA Consistirá nun exame que constará das seguintes partes:
1_Proba presencial: - tradución do francés (40%) - comentario das decisións de tradución (20%)

2_Encomenda: (40%). Só se avaliará esta proba en caso de que se supere a proba presencial. O alumnado realizará a tradución razoada dun texto. Na análise inicial indicarase cal é o tipo de texto, cal é a súa estrutura na cultura de orixe e na cultura de chegada, así como as estratexias de tradución que ese xénero esixe (convencións formais, estrutura do texto, enunciación do emisor, enunciación do receptor, etc.). Nun segundo apartado detallaranse as decisións de tradución e, por último, incluirase unha relación exhaustiva e con formato APA das fontes de documentación consultadas para a súa elaboración. Poderanse utilizar dicionarios e fontes de documentación telemáticas en todas as probas.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

GUILLOTON, N.: CAJOLET-LAGANIÈRE, H., **Le Français au bureau**, 5e, OQLF, 2000

MARTÍNEZ DE SOUSA, J., **Manual de estilo de la lengua española.**, 1ª ed, Trea, 2000

VERDEGAL, J., **Me gusta traducir del francés**, 1ª ed, Septem, 2010

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Idioma 2, IV: Francés/V01G230V01406

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma 2, III: Francés/V01G230V01306
Tradución idioma 2, I: Francés-Español/V01G230V01412
Tradución idioma 2, II: Francés-Español/V01G230V01509

Outros comentarios

Forma parte do traballo autónomo do alumnado a lectura tanto de libros como de diarios, blogs e revistas da actualidade social, como o visionado de películas e series das culturas francófonas e española.

Dadas as características da materia, é necesario que todos os estudantes -incluídos os estudantes erasmus- que decidan cursala a través do sistema de avaliación continua intégrense e participen na mesma desde a data de inicio do cuadrimestre.
Nivel de francés mínimo recomendado para matricularse nesta materia: nivel B2 segundo o Marco Europeo de Referencia.
Estudantes erasmus nivel de español mínimo recomendado para matricularse nesta materia: nivel C1 segundo o marco europeo de referencia.

Con respecto á avaliación de traballos ou proxectos, se se detecta que estes (ou algunha dos seus partes) son plaxios ou que non son de autoría propia, a cualificación será 0.

Plan de Continxencias

Descrición

«Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento».

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

As porcentaxes de traballos de aula (10%), encargo de tradución (40%) e as probas prácticas en tempo limitado (50%) non se modificarán no caso de que o ensino sexa unicamente virtual.

Proba práctica en tempo limitado: proba síncrona de 2 horas con conexión á aula virtual Campus Remoto e Faitic. Tradución texto do francés ao español (500 -600 palabras aprox). Permítese o uso de fontes documentais en papel ou telemáticas. Realizarase en computador e ao terminar a proba subirase a Faitic. Verificación con cámara da identidade do alumnado durante a realización do exame (debe ensinar DNI). Poderase realizar un control oral individual complementario sobre os contidos do exame, con posterioridade á data da súa realización.